



**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE O CONCELLO DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA E O CURSO UNIVERSITARIO INTERNACIONAL
“MÚSICA EN COMPOSTELA”**

En Santiago de Compostela, a 20 de xuño de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, Don Martiño Noriega Sánchez, en calidade de Alcalde do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, con domicilio, a estes efectos no Pazo de Raxoi, Praza do Obradoiro en Santiago de Compostela e C.I.F. 1507900-G.

Doutra, Don Enrique Jiménez Gómez en nome e representación do Curso Universitario Internacional de “Música en Compostela” en calidade de Secretario Xeral con domicilio social na Avenida das Ciencias nº 2 - Campus Universitario Sur en Santiago de Compostela, e CIF G-81266553.

MANIFESTAN

1. Que o Concello de Santiago conta entre as súas funcións a celebración de convenios e concertos con institucións públicas e privadas para levar a cabo as tarefas da súa competencia, incluíndose nelas a realización de accións de fomento e difusión da cultura.
2. Que “Música en Compostela” ven traballando na celebración duns Cursos de Música Internacionais, que baixo o nome da cidade, teñen acollido milleiros de alumnos de todas as partes do mundo, dende hai máis de medio século, participando o Concello, entre outros, na organización dos devanditos Cursos de fama e prestixio mundial.
3. Que “Música en Compostela” vén desenvolvendo unha intensa actividade no eido da interpretación e información da Música Española, en colaboración con outras entidades, entre as que se atopa o Concello de Santiago.
4. Que a devandita iniciativa cultural resulta de especial interese para a Concellaría de Acción Cultural do Concello de Santiago polo seu impacto positivo na difusión da Cidade e das máis altas exemplificacións da nosa cultura.



É por isto e que se acorda establecer un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira: Serán obxecto deste convenio as actividades que “Música en Compostela” desenvolve en Santiago de Compostela, que teñen como fin a promoción da interpretación e información da Música a través das actividades que se relacionan no Anexo I.

Segunda: A Concellaría de Cultura colabora economicamente no desenvolvemento destas actividades (Anexo I) coa cantidade de **3.825 euros**, que serán ingresados na conta a nome de “Música en Compostela”, con CIF G-81266553 que ten ao seu nome no Banco Pastor co número de conta nº ES14 0238 8102 7506 0033 9433. Esta achega será compatíbel coas doutras entidades públicas ou privadas sempre e cando a suma delas non supere o importe total da actividade, e coas complementarias que o Concello poida, no seu día, establecer.

Na cantidade obxecto do convenio entenderase incluído o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) e calquera outro tipo de imposto ou gasto.

Terceira: O pago realizarase previa xustificación do valor da totalidade das actividades previstas no anexo I, presentando facturas oficiais e recibos que correspondan e que deberán conter tódolos datos do perceptor, así como a correspondente retención do IRPF.

Como documentos acreditativos dos pagos realizados só se aceptarán transferencias bancarias, certificacións de pago emitidas por entidades bancarias (extratos ou asentos de movemento individualizados). Os pagos en efectivo só serán admitidos para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagos baixo outra modalidade, como subministros en restaurantes, gasolineras, supermercados, etc, non podendo superar en ningún caso a contía de 600 €. Acreditarase o pagamento mediante factura ou recibín asinado polo acreedor indicando a data de abono debendo figurar a expresión recibín ou outra análoga.

A xustificación tamén conterá o seguinte:

- Documentación acreditativa de que a actividade se realizou segundo o previsto.
- Certificación expedida pola Tesourería da Seguridade Social, que acredite que a entidade está ao corrente nos pagamentos que lle correspondan.

- Certificación da Delegación de Facenda do Estado que acredite que está ao corrente no pagamento das obrigas tributarias.
- Certificación da Consellería de Facenda que acredite que está ao corrente no pagamento das obrigas tributarias
- Certificación do Concello de Santiago que acredite que está ao corrente no pagamento das obrigas tributarias
- Ingreso selado pola entidade bancaria correspondente que acredite a titularidade da conta na que se deba facer o pagamento.
- Declaración asinada polo secretario da entidade co visto e praxe do presidente de non atoparse en ningún dos supostos de incapacidade e incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas.
- Declaración asinada polo secretario da entidade co visto e praxe do presidente na que se faga constar as contías das axudas asignadas ou recibidas doutras administracións públicas, ou entes públicos ou privados, para o mesmo fin.
- Documento acreditativo de ter realizado os pagamentos.
- Tarxeta de Identificación Fiscal

A xustificación das contías poderán realizarse de xeito parcial até acadar o máximo da contía concedida. Empregarase para a xustificación o modelo do Anexo 2.

Cuarta: A data límite para a xustificación do convenio será o 15 de novembro de 2016.

Quinta: O Concello de Santiago figurará na publicidade e difusión das actividades subvencionadas, tanto impresa como en outros soportes, como “colaborador”, utilizando a súa imaxe corporativa. Asemade “Música en Compostela” comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei Xeral de Subvencións 38/2003.

Sexta.- Este convenio ten natureza administrativa e compételle ao Concello de Santiago o control da súa execución e a vixilancia do cumprimento do seu contido. A Concellaría de Cultura poderá, cando o considere oportuno, comprobar o estado de execución das actividades obxecto deste convenio. Crearásese unha comisión mixta de seguimento da execución do convenio e para a solución e interpretación de controversias formada pola concelleira de Acción Cultural e polo representante do beneficiario da subvención.



Séptima.- O incumprimento das cláusulas deste convenio por calquera das partes será causa suficiente de rescisión deste, do mesmo xeito procederá o reintegro da subvención polas causas previstas no artigo 37 da Lei Xeral de subvencións.

Oitava.- Toda a comunicación, oral ou escrita, que se derive deste convenio, dirixida a esta administración ou a calquera outra entidade ou persoa, incluíndo a presenza pública mediante rótulos, avisos, sinais informativos, publicidade, atención directa, etc., así como o obxecto mesmo da contratación, realizaránse en lingua galega de acordo co previsto no Regulamento de uso do galego na administración municipal de Santiago de Compostela, especialmente no seu artigo 8.

Novena: Este convenio rexerá durante o ano 2016 e poderá ser prorrogado para o ano seguinte, por acordo expreso das partes, cos mesmos obxectivos e por unha cuantía económica non inferior, supeditado á existencia de consignación no ano seguinte.

Décima: Será responsabilidade de “Música en Compostela” a organización, xestión, publicidade e asistencia técnica requeridas polas actividades incluídas neste convenio. “Música en Compostela” será tamén responsábel dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros por omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do convenio.

En proba de conformidade cos termos deste convenio asínase, por duplicado no lugar e data de encabezamento.

Polo Concello de Santiago

Por ‘Música en Compostela’

Martiño Noriega Sánchez
*Alcalde do Concello de Santiago de
Compostela*

Enrique Jiménez Gómez
*Secretario Xeral de Música en
Compostela*



ANEXO I: PROGRAMA PROVISIONAL DE ACTIVIDADES DO CURSO UNIVERSITARIO INTERNACIONAL 'MÚSICA EN COMPOSTELA' 2016

A LIX edición dos Cursos Universitarios e Internacionais de “Música en Compostela” está composto polas ensinanzas, interpretación, información e investigación da Música Española en Cátedras singulares de: Piano, Violín, Composición e Sinfonismo, Guitarra, Viola e Música de Cámara, Musicoloxía, Canto, Polifonía, Órgano e Violonchelo, a cargo dos máis afamados Mestres nacionais e estranxeiros; Contribúen o propio traballo das súas aulas, unha serie de Concertos, Conferencias, Recitais, Edicións de libros e partituras e Visitas culturais, que o Curso Universitario e Internacional, ofrece gratuitamente ó seu alumnado cosmopolita e ó público en xeral. Nos Concertos de Música en Compostela colaboran de forma habitual, ademais de profesores e alumnos, as principais Orquestras Sinfónicas e de Cámara de Galicia e que teñen lugar en distintas cidades galegas.

Presentación do LIX Curso

Martes 17 de Mayo: Na Real Academia de Belas Artes de San Fernando en Madrid, presentación do Curso a cargo do Vicepresidente 1º y Secretario Xeral, Prof. Dr. D. Enrique Jiménez. A continuación tivo lugar un Concerto de Órgano a cargo do Prof. D. Roberto Fresco, e que foi adicado “In Memoriam” o que fora membro Emérito do noso Consello Directivo, Excmo. Sr. Ramón González de Amezua.

Datas de celebración da LIX edición: Do 31 de Xullo ó 13 de Agosto:

ACTIVIDADE DOCENTE-DISCENTE

Tódolos días en horario de mañá -de 10 a 14 horas- e de tarde -de 16 a 20 horas- durante o período lectivo do Curso: entre o 1 e o 12 de Agosto.

Se estima una participación en ditas ensinanzas, dun total de 80-90 alumnos de procedencia internacional.

Cadro de ensinanzas:

- Canto (Profesora Ana Mª Sánchez)
- Guitarra (Profesor José Luís Rodrigo)
- Musicoloxía (Profesora José López Calo)
- Órgano (Profesores Montserrat Torrent y Roberto Fresco)
- Piano (Profesor José Mª Colom)
- Polifonía (Profesora Carmen Cruz Simó)



- Sinfonismo e Música Actual (Profesores: Antón García Abril e Maximino Zumalave)
- Viola y Música de Cámara (Profesor Ashan Pillai)
- Violín (Profesor Agustín León Ara)
- Violonchelo (Profesor Ángel Luis Quintana)

ACTIVIDADES EXTRAORDINARIAS (a súa realización dependerá dos recursos dispoñibles):

Domingo 31 de Xullo: Inauguración do LIX Curso no Hostal dos Reis Católicos, con entrega de Credenciais ós alumnos participante. A continuación e con motivo do inicio do Curso, servirase un viño español ás Autoridades asistente ó Acto, Alumnos e Publico en xeral.

Luns 1 de Agosto: Previsión dun Concerto de Violonchelo e Piano, a cargo do Prof. da Real Filarmonía de Galicia Thomas Piel

Martes 2 de Agosto: Na Capela Real do Hostal dos Reis Católicos, Recital de Violín a cargo del Prof. Agustín León Ara y del pianista Juan Manuel Consuegra.

Mércores 3 de Agosto: Auditorio de Galicia. I Concerto de la Real Filharmonía de Galicia (Director Prof. Maximino Zumalave). Guitarra solista Prof. José Luis Rodrigo.

Xoves 4 de Agosto: No Mosteiro de San Paio de Antealtares. Concerto de Órgano a cargo do Prof. Roberto Fresco.

Venres 5 de Agosto: No Auditorio de Galicia, II Concerto de la Real Filharmonía de Galicia (Director Prof. Maximino Zumalave). Piano solista Prof. Josep M^a Colom..


Sábado 6 de Agosto: No Museo de Pontevedra. Concerto de Música en Compostela “A la Luz de los Candelabros” (LVII Edición). Participaran alumnos de diferentes Clases.

Domingo 7 de Agosto: Día de descanso para os alumnos.

Luns 8 de Agosto: Capela Real del Hostal de los Reyes Católicos. Recital de Piano a cargo del Prof. José M^a Colom, en conmemoración del Centenario del falecemento de Enrique Granados y del V Aniversario del falecemento de D. Antonio Iglesias”.

Martes 9 de Agosto: Presentación do XIX Caderno de Música en Compostela, a cargo do seu autor e Prof. de Musicoloxía D. José López Calo, e que levará por título “La música instrumental hispanoamericana del siglo XVII”. Obsequiarase un exemplar do Caderno a todos os asistente ó Acto (Alumnos e público en xeral)

Mércores 10 de Agosto: Na Capela Real do Hostal dos Reis Católicos. Concerto



CONCELLO DE SANTIAGO

“La Música del siglo XVII”, e que será interpretado polos Profesores e Alumnos do Curso.

Xoves 11 de Agosto: 1º Concerto de Alumnos Bolseiros, na Igrexa da Universidade.

Venres 12 de Agosto: 2º Concerto de Alumnos Bolseiros, na Capela Real do Hostal dos Reis Católicos.

Sábado 13 de Agosto: Clausura do Curso, na Capela Real do Hostal dos Reis Católicos.

ORZAMENTO DA ACTIVIDADE

Servizos profesionais docentes.....	7.600€
Servizos independentes (Afinacions e Prosegur)	3.475€
Primas, seguros e SGAE	1.850€
Manutención, aloxamento, viaxes e detas.....	2.000€
TOTAL.....	14.925€

ANEXO 2: MODELO PARA A XUSTIFICACIÓN DA REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

D. _____ como representante legal de :

Entidade beneficiaria CIB/NIF

CERTIFICO:

1º.- Que o programa para o que se concedeu a subvención, e que a continuación se detalla, foi realizado na súa totalidade

Actividade ou programa: Convocatoria: Datas de realización: Importe da actividade: Importe da subvención concedida:

2º.- Que os gastos xenerados na actividade concreta do programa/s subvencionados son os seguintes:

Nº	CONCEPTO	IMPORTE	FECHA PAGO
	IMPORTE TOTAL DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA=		

Que se adxuntan as facturas ou documentos substitutivos correspondentes a estos gastos, así como a xustificación do seu pago.

3º.- Que as subvencións solicitadas ou concedidas por outras Entidades para a realización da actividade subvencionada ascenden a un total de _____ €, co seguinte detalle:

ENTIDADE CONCEDENTE	IMPORTE
	TOTAL=

